

HAI 80 PROFESIÓNIS asociadas AO RURAL



Na primeira quincena de Setembro participei no programa europeo "Leonardo" que fomenta o coñecemento de iniciativas educativas noutros países; tratábase de coñecer "in situ" o que aplican en a francesa e, sen lugar a dúbidas, o obxectivo foi cumprido con creces. Bretaña está ao noroeste de Francia, podería dicirse que é ala Galicia gala pois que ten moitas similitudes coa nosa terra, aínda que mellor coidada e valorada.

O grupo integrámo-lo 15 profesionais das EFAs de toda España, nos cales había unha boa representación galega ao unirse ao grupo 3 profesores de Fonteboa e 2 colegas máis de A Cancela.

Do agrícola ao rural

En todas as MFR (Maisons Familiales Rurais) visitadas, e nos intercambios mantidos cos equipos Directivos e cos Comités Gestores, constatamos que houbo unha evolución do agrícola ao rural; a oferta educativa que era exclusivamente agraria nos seus inicios agora presentan entorno a 80 profesións asociadas ao rural; estudos con distintos graos, dende unha formación inicial (o que aquí sería la ESO), técnica e superior (os ciclos medios e superiores). Formacións técnicas adaptadas ás novas necesidades do rural en canto que buscan a mellor inserción no mercado laboral.

Agora ofrécense novas familias profesionais, case impensables aquí, como é a cría e coidado de cabalos e cans; especializacións profesionais como o mantemento de maquinaria agrícola e de maquinaria pública, e i como non vendo como coidan o seu ámbito, todas aquelas asociadas a paisaxismo!. Sen esquecer as distintas especialidades de comercio e servizos de proximidade tales como os xeriátricos, puericultura e de servizos a empresas.

Valorar o ámbito

Moitos dos testemuños tiñan como eixe principal a idea "da escoita do medio como basee para poder establecer a nova oferta educativa nas EFAS españolas, e así poder dar unha orientación, se é que aínda non faise, do agrícola ao rural. Certamente tivemos a oportunidade de ver, preguntar, debater e assimilar algunhas ideas con posibilidade de ser posta en práctica nas nosas EFAs.

Como non todo tiña que ser técnico, puidemos gozar dunha fin de semana cultural para desprazarnos ás localidades de Carnac e Quiberon, para coñecer os valores magalíticos e paisaxísticos da denominada "Côte Sauvage". Outros dos lugares que non podíamos perdernos eran Saint Malo e o Mont Sant Michael, na zona norte da rexión. E como non podía ser menos, callejear pola grande cidade de Rennes, estanza que coincidiu cun Salón monográfico ao que lle dedicamos unha xornada, onde tivemos a ocasión de coñecer con detalle as innovacións que se ofrecen nos produtos e servizos aplicados á agricultura e á formación rural.

Con este programa puidemos constatar que a metodoloxía EFA segue estando vixente e pódese aplicar a moitas máis cousas que o agropecuario, e, para iso hai que apostar por a Alternancia como un pilar básico da formación, xa que é o vínculo de motivación dos alumnos e de contacto coas empresas de forma activa.

Vicky Pérez Barros.

CURSO INTENSIVO DE MERCADOTECNIA

Para un grupo reducido durante oito días



Os luns, mércores, xoves e venres, de 10 a 12 da mañá, ao longo das dúas semanas que van do 28 de outubro ao 7 de novembro, terá lugar nas instalacións de Piñeiral un curso intensivo de mercadotecnia, centrándose na tecnoloxía das vendas.

Os luns, mércores, xoves e venres, de 10 a 12 da mañá, ao longo das dúas semanas que van do 28 de outubro ao 7 de novembro, terá lugar nas instalacións de Piñeiral un curso intensivo de mercadotecnia, centrándose na tecnoloxía das vendas.

Esta actividade, froito dun acordo asinado o pasado 23 de setembro, entre a dirección de Piñeiral e os responsables de SECOT, é gratuítas e está dirixido a todas as persoas interesadas e tanto para pais, así como alumnas ou monitoras de Piñeiral.

Para asegurar a eficiencia do curso preténdese formar un grupo reducido de non superior a 15 persoas.

A dirección e material do curso corre a cargo da Delegación en A Coruña de SECOT (Servizo Español de Consello e Orientación Técnica) que achega os profesores. Os medios técnicos para o desenvolvemento das sesións corren por conta do centro.

Noticias da BBC



A alguén se lle ocorreu este título para a sección. Ten o seu intrínqulis. Pero non imos falar das noticias que salguen nesa cadea británica, senón de [23@castelán por la B-Bodas, Bautizos e Celebración que é unha forma xenérica de falar dos acontecementos importantes na vida das antigas alumnas e que nos dá tanta alegría coñecer e poder compartir con todas vós.

Aproveitando oportunidades

Tamén queremos dar cabida neste apartado ás vosas visitas á EFA, eses reencontros, esperados ou non, con motivo ou con calquera desculpa fantástica (e fantástico é "pasaba por aquí..."), fannos parar un momento noso traballo e gozar convosco. Aínda que Arzúa non estea na vosa ruta de viaxe, unha pequena modificación algunha vez...inos vemos! Claro, vós diredes o mesmo das profesoras: con todo o que saídes a visitar empresas, familias, alumnas en práctica, facedes unha pequena parada en ruta e tamén nos saudamos e nos vemos ipois tedes razón! E ogallá acordémonos máis veces de facelo.

E gozar cos cativos

En setembro estivo aquí Orballo Santiso. Tráxonos o convite de voda da súa irmá Cristina e, sobre todo, púxonos ao día dos seus plans e proxectos. Había moito tempo que non viña e segue como sempre, risoña, optimista e boa xente. Tamén viño Yoly Figueira, pero acompañada: tráxonos a Carla, a súa nena de 3 anos. Podédesvola imaxinar perfectamente porque é como Yoly pero en pequenito. Gozou moito percorrendo a EFA, o sillón de dentista da aula de Coidados de Enfermaría converteuse nun tobogán e non había forma de arrancala de alí. É moi xogueta e alegre (i ten a quen parecerse!).

Segue

Reunións por promocións

Yoly tamén facía moito tempo que non viña pola EFA, sorprendéronlle os cambios, o material dos novos ciclos, o Centro Comercial que empregamos como aula de prácticas en Comercio, ... Aínda que parecíalle todo igual tamén era ao mesmo tempo distinto. E isto inclúe a profesoras. Primeiro comentou que non cambiáramos nada i je, je! Pero cando viu unha foto de hai anos, decatouse de que isto non era certo de todo. En fin, rapazas, hai que vir máis a miúdo, para que os cambios sexan menos evidentes e non nos traumaticeades.

Orballo e Yoly son da promoción 93-98. Estamos a tratar de reunilas para o sábado 6 de decembro. Xa vos diremos como sae. Hai 10 anos que remataron na EFA e é un bo momento para o reencontro.

As fotos da voda

Máis vodas recentes. O 11 de outubro casou Pili Vázquez. Parabén. Sabemos que tivo un día fantástico e que na voda se atoparon 9 antigas alumnas. Dous delas son irmás de Pili (Conchita e Teresa) e o resto son amigas da noiva ou familiares do noivo. Pero 9 segue sendo un bo número. Vaise cumprir o que di Lito (Lito é o marido de Fanny, a presidenta de Antigas Alumnas, e coñécédelo porque sae moito en Luar contando chistes...), o que di tantas veces: "Esteas onde estean, dás unha patada ou chan e saen un montón de alumnas dá EFA". Lito e Fanny tamén estiveron nesa voda e trouxéronnos a foto que se fixeron o grupo de antigas alumnas asistentes. Pili, por favor, unha petición: só podes vir á próxima reunión de antigas alumnas se traes o álbum de fotos. Seguimos sendo un pouco "marujas", xa o sabes, encántanos ver todos os detalles e gozar das anécdotas dun día tan feliz para calquera muller. A BBC continuará no próximo número de Piñeir. i Ata pronto!

CARTA DO PRESIDENTE DA FEDERACIÓN DE EFAS

Libertad y educación

Este mes, justo en el inicio de curso, mi carta va dirigida en especial a las familias. Y por ello la titulo citando la mayor obligación (educar) y el más preciado derecho (la libertad) de los padres.

Recuerdo a aquella madre que después de tirar a su hijo las sábanas y mantas a los pies de la cama, le insistía (a pesar de sus negativas) diciéndole: 23jVengue tienes que ir al colegio porque hoy empieza el curso, porque tienes 40 años...y porque eres el director!

No siempre son tan racionales las razones que pueden esgrimir los padres, pero siempre queda el 34porque digo yo 35e su deber de estado autoriza, porque saben que como padres son, no sólo los primeros, sino los únicos responsables de la educación de sus

hijos. Luego, la aprovecharan mejor o peor, la vida enriquecerá o empobrecerá la semilla plantada, pero nada excusa su obligación de educar, ni nada ni nadie tiene derecho a privarles de su libertad de elegir, porque los hijos son suyos, ni siquiera son de ellos mismos y menos de otros, que habitan en palacios prestados que usan como suyos.

Por eso, como Presidente de una organización que se pone al servicio de los padres de menores y de aquellos jóvenes adultos que optan por nuestra colaboración, para recibir la educación que estiman necesaria para enriquecer su vida futura, os digo que sois los protagonistas y los dueños de vuestras decisiones, que respetamos. Más aún, una vez que habéis elegido los principios educativos de nuestra institución (la alternancia, etc., etc.) sois los pilares en los que nos apoyamos para nuestra acción, a pesar de sus 34jquero; 35a pesar de las interferencias de cualquier poder que pretenda reducir vuestra libertad o entrometerse en vuestras obligaciones personales.

Gracias por vuestra confianza y apoyo.
Gabriel Tirapu

DE GALICIA A LOURDES, VIAXE DE IDA E VOLTA



Aquí estamos para contarvos as últimas actividades de Antigas Alumnas. A viaxe deste ano foi estupendo. Saímos o día 12 de setembro pola mañá, o bus comezou o seu percorrido dende Vigo e foi recollendo viaxeiras e viaxeiros por Vigo, Pontevedra, Santiago e Coruña, xa sabedes que cada vez estamos mais repartidos pola xeografía galega. Para algunhas 23comólanda S. e Lorena- era a primeira viaxe de Antigas, outras xa tiñamos moita experiencia, seica as que mais eran Katu, Cristina B, Carmela, Conchita...

De paseo "polo tubo" zaragozano

O mellor da primeira comida foi ver a despensa que tiña Mariajo, si, si a profe, levaba con ela un supermercado a tope, xa o veredes na reunión na que pasemos as fotos que fixemos. Esa noite xa chegamos a Zaragoza, na entrada vimos algúns pabellóns da Expo, que estaba a piques de pechar. Fixemos unha visita a la Basílica del Pilar e despois fomos a un karaoke, un paseo pola zona de tendas e a cenar pola zona de movida, chámalle 34tubo 35, alí tomamos uns bocatas enormes 23tamén están nas fotos- e unha boa cerveza. Rímonos moito do acento aragonés que nada tiña que ver co noso.

Durmimos en Huesca, nun hostel, e ó día seguinte fomos ata Torreciudad, iqué chulada de sitio!, en medio do Pirineo cun embalse que o rodea todo, o día era precioso, de feito puxémonos bastante morenas e todo. Alí coñecemos moita xente interesante, xa volo contaremos (os ciclistas de Rías Baixas, as cantareiras de Ferrol e moitos nenos pequeniños non se libraron das nosas cámaras de fotos, xa veredes).

Esa noite durmimos nun albergue en Biesca, moi preto xa de Francia, o sitio era alucinante, Conchita chegou a meterse nun río que estaba xeados (ou casi) e, aínda que saímos a ver anoitecer non puidemos velo por mor da néboa. Esa noite, na cea, pasámolo en grande, xa íamos tendo mais confianza e rímonos recordando cousas de EFA de cando estudiáramos nela, as cousas de Katu tamén provocaron moitas risas.

Co Papa en Lourdes

Levantámonos as 4 da mañá e fomos para Francia, imposible de poñer en tan pouco espacio a cantidade de cousas que fixemos. Fomos á zona de Lourdes, e tivemos a sorte de poder estar na Misa que celebrou alí o Papa, a pesar do idioma nos enteramos bastante, antes de entrar déronos uns libriños coa tradución ao castelán. A verdade é que Lourdes gustounos moito, estivemos na gruta, puxemos velas, collemos auga de alí..., aínda que ningunha de nós dominaba o francés conseguimos facer algunhas compriñas, e comer os típicos creps franceses que nos deixaron cheas para varios días, os que tiveron mais éxito foron os de plátano e chocolate, iriquísimos!. O do servizo non é para contar aquí pero xa volo mostraremos nas fotos. Esa noite durmimos en outro albergue en Honderrabia, pola noite saímos e pasámolo moi ben aínda que non había moito ambiente (en realidade non había case ninguén) pero nós fixemos o parvo nuns columpios e tobogáns, icoma nenas!, metémonos nuns pantalanes de barcos que estaba prohibido pasar e foron a sacarnos, estivemos na praia, metémonos no mar vestidas e todo 28que pensabades, que íamos desaproveitar a oportunidade de probar o Cantábrico?. En resumo, non durmimos moito pero pasámolo en grande.

Volveremos a Covadonga

O seguinte día xa foi o de volta a Galicia, pero antes paramos en Asturias, estivemos en Covadonga e en Cangas de Onís, foi unha pena non poder subir aos lagos de Covadonga pero quedamos en facelo na próxima viaxe que organicemos, se cadra xa na do vindeiro ano.

No bus da volta algunhas persoas acercáronse ao micrófono para contarnos a súa experiencia, foi moi emotivo e bonito; outras non fomos quen de facelo pero levamos dentro unha experiencia inesquecible.

Xa temos preparado un CD coas fotos que fixemos, queremos que as vexades na próxima reunión. Mandaremos un correo a todas para dicirvos a data e hora desa reunión. Mentres tanto, un bico a tódalas nosas lectoras.